

O bosque das palabras

“Fala ben, miña filla.” Xiana levaba aquelas palabras gravadas na alma. Oírallelas á súa nai, repetidas polos mestres que riscaron con furia o galego dos cadernos, coma quen arrinca raíces fondas. Xiana calou. Calou para non parecer pequena nun mundo que só quería máis, sen entender que, ao esquecer de onde viña, tamén esquecía quen era.

Pero a avoa nunca calou. “A lingua é coma a terra,” dicía. “Se a perdes, pérdeste a ti mesma”. Esas palabras volveron a Xiana cando atopou o vello caderno agochado no faiado. Nel había historias de mar bravo, noites de lume e palabras tan fondas coma as raíces dos carballos.

Cun nó no peito, Xiana baixou á horta. Cavou coas mans na terra dura, onde a avoa gardara unha semente. Plantouna. “Fai que medre!,” murmurou.

Anos despois, no lugar ergueuse un bosque, e os seus fillos xogaban baixo as árbores, rindo en galego, sen vergoña, sen medo. Xiana sentiu un orgullo cálido ao escoitalos. As raíces, que ela pensaba que estaban mortas, seguían aí, agardando por quen as coidase.

“Non deixemos que morra nunca máis,” pensou Xiana, mentres o vento lle traía, coma un murmurio entre as follas, a voz da súa avoa.

